

REUNIÓN

DIRECCIÓN-REP. SINDICAL 15/06/2010

Fomos convocados no día de hoxe para ser informados dos seguintes temas:

PRODUCCIÓN XULLO:

O período iníciase dende o 05/7 o 02/08 (20 días laborables de luns a venres. Xornadas de sábados voluntarios os días 10 e 17. CKDs o día 10.

Horarios Noite SISTEMA I : Ferraxe 6 h. 52 min. Domingos 7 h. 11min. Montaxe 7h. 32min.

PECHE E APERTURA: Debido a reformas que durante o período de vacacións vanse realizar nas instalacións producirase o vaciado das liñas afectando a actividade nos horarios.

SISTEMA I .-

Ferraxe B9.- pecharía a quenda de tarde.

Nave F.- tamén e posible que peche a quenda de tarde

Nave P.- garantirán con outras actividades unha presenza mínima de 4 horas.

Montaxe na noite terían de entre 4 e 9 horas de presenza nas últimas 2 UEPS.

SISTEMA II .- Pecha a quenda de tarde:

Ferraxe e probablemente a nave F (masillas) non traballaría esta quenda.

Nave P.- 4 h. mínimo.

Montaxe entre 5 e 9 horas de actividade.

APERTURA.- A situación sería asimétrica a realizada no peche.

A Dirección propón cubrir coa Bolsa de Horas o tempo de non actividade neste Sistema na quenda de tarde. A C.I.G. xa manifestou a súa discrepancia pola utilización deste mecanismo. Para nós o día 30 de Xullo é día laborable a tódolos efectos, o mesmo que na apertura o é o día 23 de agosto para o Sistema I e o 30 para o Sistema II. Este é o Calendario asinado pola maioría do Comité para este ano.

SEGURIDADE.- Infórmansenos que van pedir a participación dos traballadores/as para que fagamos constar na folla Standard do posto de traballo as dificultades que poidamos ter para poder realizalo. A C.I.G. que ven denunciando as consecuencias que se derivan das malas implantacións... cargas dos repartos... malas composicións e ademais, non ter en conta as limitacións médicas e a Ergonomía que non sempre esta presente no deseño dos postos, é polo que consideramos que esta iniciativa debe ser presentada ante o Comité de Seguridade para que, atraveso dos nosos Delegados/as, participen dando a súa opinión o respecto, contando con eles para o seguimento. A Dirección acepta a celebración de dita reunión do Comité de Seguridade e Saúde.

Confederación Intersindical Galega